

II. AUTORIDADES E PERSOAL**b) NOMEAMENTOS****CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Orde do 19 de abril de 2007 pola que se modifica a do 19 de novembro de 2003, pola que se fai pública a composición do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela.

Pola Orde do 19 de novembro de 2003 (DOG do 24 de novembro) fíxose pública a composición do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela.

O artigo 10.2º da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia, establece que serán membros do Consello Social, entre outros, un estudante e un representante do persoal de administración e servizos, elixidos polo Consello de Goberno da universidade entre os seus membros, na forma en que determinen os seus estatutos. En todo caso, os nomeamentos serán publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

Con data do 2 de abril de 2007, o presidente do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela comunica a alta de Alberto Pérez Viso e Adrián García González como membros do seu Consello Social en representación, respectivamente, do persoal de administración e servizos e dos estudantes no Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela.

Por todo iso,

DISPOÑO:

Artigo único.-Facer público o nomeamento de Alberto Pérez Viso e Adrián García González como membros do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela en representación do Consello de Goberno desta universidade.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2007.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIONES PÚBLICAS
E XUSTIZA**

Orde do 9 de maio de 2007 pola que se ditan normas relativas ao recoñecemento de trienios ao persoal funcionario interino ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do 13 de abril), recoñece o dereito do persoal funcionario interino a percibir trienios, establecendo no seu artigo 25.2º que se recoñecerán os trienios correspondentes aos servizos prestados antes da entrada en vigor deste estatuto, que terán efectos retributivos unicamente a partir da súa entrada en vigor.

Segundo a disposición derradeira cuarta do dito estatuto, este entrará en vigor no prazo dun mes a partir da súa publicación no BOE, é dicir, o día 13 de maio de 2007.

Mediante a Orde do 12 de agosto de 2005 (*Diario Oficial de Galicia* nº 159, do 19 de agosto), delégase o recoñecemento de trienios na Dirección Xeral da Función Pública, polo que os trienios do persoal funcionario interino serán recoñecidos por esta dirección xeral.

Para conseguir unha eficaz xestión dos expedientes de recoñecemento de trienios ao persoal funcionario interino desta Administración, evitando atrasos innecesarios na percepción do correspondente trienio por parte do persoal que completa os servizos necesarios, faise preciso ditar as instrucións contidas nesta orde, regulando un procedemento de oficio que permita a axilización da tramitación correspondente.

Por iso, esta consellería, en virtude das competencias atribuídas pola Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia e demais normativa vixente,

DISPÓN:

Primeiro.-En aplicación do disposto no artigo 25.2º da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, ao persoal funcionario interino que teña servizos prestados na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, e que estea prestando servizos nesta Administración no momento da entrada en vigor do dito estatuto, recoñeceránselle os trienios correspondentes por cada tres anos de servizos prestados.

Así mesmo, o persoal funcionario interino que pase a prestar servizos na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, con posterioridade á entrada en vigor do Estatuto Básico do Empregado Público, tamén terá dereito ao recoñecemento de trienios.

Segundo.-Os trienios serán recoñecidos de oficio pola Dirección Xeral de Función Pública, sen que

sexa necesario presentar unha petición expresa por parte dos interesados.

Non obstante, os servizos prestados con anterioridade ao ano 1995 na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia deberán ser acreditados expresamente polo interesado ante a unidade administrativa de persoal da consellería/organismo onde estea destinado actualmente para proceder á súa validación. Esta consellería/organismo expedirá o correspondente certificado conforme o modelo anexo, que deberá remitir á Dirección Xeral de Función Pública para proceder ao seu recoñecemento.

Terceiro.-Para aquelas persoas que prestasen servizos noutras administracións públicas, e na entrada en vigor do Estatuto Básico do Empregado Público estean como persoal funcionario interino nesta Administración, deberán presentar certificación orixinal conforme o modelo anexo dos servizos prestados asinada polo órgano competente na unidade administrativa de persoal da consellería/organismo onde estean destinados actualmente.

Esta consellería/organismo, á vista do/s certificado/s presentado/s polo interesado, deberá dar a súa conformidade antes de remitilos á Dirección Xeral da Función Pública para o seu recoñecemento, no caso de que proceda.

Cuarto.-A Dirección Xeral da Función Pública recoñecerá o/s trienio/s que proceda de conformidade cos servizos prestados pola persoa, que se acumularán por orde cronolóxica. Ningún período de tempo poderá computarse máis dunha vez.

Quinto.-A Dirección Xeral da Función Pública terá en conta os períodos de tempo non computados para o recoñecemento dun trienio para a súa acumulación aos seguintes períodos.

Sexto.-Aplicaráselle ao persoal funcionario interino, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o mesmo réxime que o establecido para estes efectos para os funcionarios de carreira, de conformidade co disposto no artigo 10.5º do Estatuto Básico do Empregado Público.

Sétimo.-Os trienios recoñecidos ao persoal funcionario interino terán efectos retributivos unicamente a partir da entrada en vigor do Estatuto Básico do Empregado Público, é dicir, o día 13 de maio de 2007.

Disposición adicional

As credenciais de recoñecemento de trienios para o persoal funcionario interino a que se refire o punto 2 desta orde expediranse a partir do 1 de xuño de 2007.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2007.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

ANEXO

CERTIFICADO DE SERVICIOS PRESTADOS
(ARTIGO 25.2º DA LEI 7/2007, DO 12 DE ABRIL)

CONSELLERÍA/ORGANISMO		DNI												
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME												
DESTINO	LOCALIDADE	PROVINCIA												
SERVICIOS PRESTADOS		VINCULO (1)			DESDE			ATA			TOTAL			INDICE OU GRUPO
					DIA	MES	ANO	DIA	MES	ANO	DIAS	MESES	ANOS	

CERTIFICO A EXACTITUDE DOS DATOS ANTERIORES, QUE CONCORDAN COS ANTECEDENTES EXISTENTES NESTE SERVIZO DE PERSOAL.

EN _____ DE _____ DE 2007.
(SINATURA)

(CARGO DA PERSOA QUE CERTIFICA)

(NOME E APELIDOS)

(1)
C.- FUNCIONARIO DE CARREIRA
P.- FUNCIONARIO EN PRACTICAS
E.- PERSOAL INTERINO
V.- PERSOAL EVENTUAL
L.- CONTRATADO LABORAL
LT.- CONTRATO LABORAL TEMPORAL